



CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO EXERCICIO DA PROBA DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DERIVADO DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA O INGRESO NA ESCALA AUXILIAR DE COIDADORES, SUBGRUPO C2, DO CORPO DE AUXILIARES DE CARÁCTER TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL DA ADMINISTRACIÓN XERAL DE COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En sesión que tivo lugar o 27 de novembro de 2023, o tribunal nomeado pola Resolución do 20 de outubro de 2023 (DOG núm. 205 do 27 de outubro) encargado de cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso na escala auxiliar de coidadores, subgrupo c2, do corpo de auxiliares de carácter técnico de administración especial da administración xeral de comunidade autónoma de Galicia, acordou de conformidade coas bases III.1.1.1 e III.1.2.10 da convocatoria, establecer os criterios de corrección, valoración e superación do exercicio da fase de oposición do proceso selectivo que a continuación se detallan:

1. CUESTIONS XERAIS SOBRE A PROBA

A proba da oposición consistirá en contestar por escrito un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test e dividirse en dúas partes:

A primeira parte do exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de trinta (30) preguntas tipo test, relacionado ca parte xeral do anexo que figura na Resolución do 20 de decembro de 2022 (DOG núm. 242, de 22 de decembro).

A segunda parte, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cincuenta (50) preguntas tipo test, relacionado ca parte específica do anexo que figura na Resolución do 20 de decembro de 2022 (DOG núm. 242, do 22 de decembro).

O exercicio disporá de cinco (5) preguntas de reserva, das cales dúas (2) corresponderán á parte xeral do programa e tres (3) á parte específica e que substituirán as preguntas anuladas de cada parte pola súa orde.

As preguntas conterán catro (4) respostas alternativas das que só unha será a correcta.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de trinta (30) puntos.

As regras de puntuación serán as seguintes:

- Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación.
- Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.
- As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.



O exercicio terá unha duración de cento trinta (130) minutos. Todo isto, sen menoscabo da adopción de medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con adaptacións específicas gocen de similares condicións para realizar os exercicios que os restantes participantes.

2. DETERMINACIÓN DA SUPERACIÓN DA PROBA E DO NÚMERO DE APROBADOS

En cumprimento da potestade de determinación do criterio de superación do exercicio indicado, o tribunal acordou que superarán este exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de duascentas cincuenta e dúas (252) persoas aspirantes, cifra determinada polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas por esta quenda e sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 50 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

De darse o caso de que o número de aspirantes que superen este exercicio non sexa o previsto no parágrafo anterior, superarán tamén o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de duascentas cincuenta e dúas (252) persoas aspirantes determinado no parágrafo anterior, sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 40 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Todas as persoas aspirantes con idéntica puntuación a aquela que marque a nota de corte establecida de acordo cos criterios anteriores, consideraranse igualmente aprobadas.

Asignarase unha valoración de 30 puntos no exercicio ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte. O resto das persoas declaradas aptas terán unha cualificación distribuída entre os 30 e os 60 puntos proporcional ao número de respostas acertadas. Do mesmo xeito, asignarase a puntuación proporcional que corresponda as persoas aspirantes declaradas non aptas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Fernando Martínez Quindimil
O presidente do tribunal